CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E CIRCORED – FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE PROFESIONALES DEL CIRCO PARA A REALIZACIÓN DA BIENAL ESTATAL DO CIRCO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Federación de Asociaciones de Profesionales del Circo (CIRCORED) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración coa Federación de Asociaciones de Profesionales del Circo (CircoRED) para desenvolver a organización e celebración da Bienal Estatal de Circo que é unha proposta bienal articulada en dous eventos crave do sector do circo no Estado. Por unha banda, integra CIRCO en REDE, un espazo anual de encontro profesional onde o sector se reúne para debater o presente e o futuro do circo mediante asembleas, mesas de reflexión, talleres e o traballo de distintas comisións. Por outro, BEC! funciona como feira estatal de circo, aberta ao público e orientada ao mercado e a exhibición.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación de Asociaciones de Profesionales del Circo consideran de interese público realizar accións conxuntas para a realización da Bienal Estatal de Circo en Santiago de Compostela durante novembro de 2026.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0YeK2c55FX42 https://sede.xunta.gal/cve

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Asinado por: ANXO MANUEL LORENZO SUAREZ
Cargo: Director Xeral de Cultura
Data e hora: 18/09/2026 12:17:15

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0YeK2c55FX42 https://sede.xunta.gal/cve